

## DECRETO

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto no artigo 78.2 do ROF polo presente veño en convocar sesión ordinaria que se celebrará no Salón de Plenos o vindeiro día **25 de xaneiro, ás 21:00 horas** e no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debater os asuntos relacionados no seguinte:

1º.- Acordo de Goberno sobre a demanda da Plataforma en Defensa da Ría de Arousa.

### I PARTE RESOLUTIVA

2º.- Aprobación inicial, se procede, de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre bens inmobles.

3º.- Aprobación inicial, se procede, de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.

4º.- Aprobación inicial, se procede, de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre construción, instalación e obras.

5º.- Adhesión, se procede, ao protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concello Doing Business Galicia”.

6º.- Aprobación se procede do ditame referente á asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o

acceso ás diferentes categorías dos Corpos de Policía Local e as prazas de auxiliares de Policía Local

## II PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

7º.- Acordo de goberno sobre rexeitamento do Proxecto de Lei Xeral de Orzamentos do Estado 2018.

8º.- Moción do grupo municipal de Somos Cambados para solicitar medidas para evitar ou limitar os cortes producidos no servizo de distribución eléctrica cada vez que se produce un temporal.

9º.- Dar conta do Plan Especial de infraestruturas en solo rústico da prolongación da rúa “A Pacheca”.

10º.- Dar conta das resolucións da alcaldía

11º.- Rogos e preguntas

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos.

A Alcaldesa. O Secretario Xeral

Documento asinado electrónicamente.